XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

Avaliación de diagnóstico
4.º curso de educación primaria
Curso 2023-2024

Caderno

Espazo para pegar
a etiqueta identificadora do/a alumno/a
pola persoa que aplica a proba

Competencia en comunicación lingüística
Lingua Galega e Literatura

Instrucións

Nesta proba vas escoitar e ler unha serie de textos sobre os que terás que responder algunhas preguntas. Pon moita atención.

Algunhas preguntas terán **catro posibles respostas**, pero **só unha** é correcta. Rodea a letra que se atopa xunto a ela. Fíxate no exemplo:

Exemplo 1

Cantos días ten a semana?

a) 6 días.
b) 7 días.
c) 8 días.
d) 9 días.

Se te equivocas ou decides cambiar a túa resposta, risca cunha aspa (X) a túa primeira escolla e rodea a resposta que consideras correcta.

Exemplo 2

Cantos días ten a semana?

a) 6 días.
b) 7 días.
c) 8 días.
~~d)~~ 9 días.

Ás veces, terás que marcar o recadro correspondente **poñendo unha aspa** (X).

Exemplo 3

Marca cunha aspa (X) se as seguintes afirmacións son verdadeiras ou falsas:

	Verdadeira	Falsa
Unha semana ten 7 días.	X	
Unha semana ten 8 días.		X

Noutras actividades pediráseche que **escribas** unha resposta ou un texto nun espazo sinalado.

Exemplo 4

Continúa a historia que acabas de ler e dálle un final.

Tes **70 minutos** para facer a proba.

Debes utilizar un bolígrafo de tinta azul ou negra non borrable.

Le cada pregunta atentamente e non contestes antes de ler todas as opcións.

Se non sabes contestar algunha pregunta, non perdas o tempo e pasa á seguinte.

Intenta completar toda a proba.

Nas tarefas de redacción, emprega o espazo preparado para elas.

Se ao rematar che sobra tempo, podes volver atrás.

Avisarante dúas veces: cando falten 30 minutos e cando falten 10 minutos.

Temporizador (bit.ly/3OQbF3w). Resto de iconas: Flaticon.com

Tranquilo/a, vas facelo moi ben!

Escoita dúas veces o seguinte audio e vai respondendo.

Símbolos e lendas do Camiño

Xacobeo Miudiño. Víveo. Seispés Producións Creativas. (bit.ly/48xgSEF)

P.1. No audio, destacan unha "primeira lección". Cal é o saúdo entre camiñantes?

a) Boa andadura!
b) Até logo!
c) Bo Camiño!
d) Ultreia!

P.2. Segundo o audio, que indica en Asturias a parte máis pechada da cuncha de vieira?

a) Exactamente o mesmo que en Galicia: o camiño que debemos tomar.
b) O camiño que debemos tomar, pero faino ao contrario que en Galicia, onde a parte aberta marca a dirección.
c) Dá igual a dirección que sinale a parte aberta ou pechada da cuncha: as dúas indican o mesmo.
d) A cuncha da vieira non indica o camiño, só o indican as frechas amarelas.

P.3. Completa este resumo usando unha das opcións do recadro:

os bordóns / as cunchas de vieira / os sombreiros de aba ancha

Este audio achéganos ao Camiño de Santiago, comezando polo saúdo e prestando especial atención aos símbolos que nos poden guiar, como son as frechas amarelas e ....., que xunto coa antiga indumentaria son únicos para esta ruta. Contra o final, aproveita para contarnos algunha curiosidade, como a lenda da sombra do peregrino na Quintana.

P.4. Cal é a finalidade do audio?

a) Entreter a quen escoita contándolle unha peli de misterio ambientada na Quintana.
b) Describir certos lugares da cidade de Santiago de Compostela.
c) Presentar o aspecto máis deportivo do Camiño.
d) Animar a quen escoita a que faga o Camiño.

P.5. Cal é o sentimento principal que transmite a narradora?

a) Entusiasmo, ledicia... ao transmitir a información.
b) Preocupación, inquedanza... por se non nos logra convencer para facer o Camiño.
c) Desinterese, aburrimento... porque non lle interesa o tema que trata.
d) Nerviosismo, desacougo... porque xa se achega o final do Camiño.

P.6. Propóñenche investigar sobre os símbolos do Camiño: por que son eses e non outros? A responsable da biblioteca ensínache diversos materiais, cal dos seguintes libros sería o máis axeitado?

a) *Mundo a través. Todos os camiños levan a Santiago.*
b) *Guía práctica do peregrino xacobeo: escolle a túa ruta.*
c) *Cunchas, frechas e pintadas: orixe e historia dos símbolos que guían o Camiño.*
d) *Guía ilustrada do Camiño Francés.*

Non pases a páxina ata que se indique!

A partir de agora xestionas ti o tempo: le e responde.

Hoxe, a mestra chegou con este cartel... seica imos participar nun concurso literario, dos de verdade!

BASES DO CERTAME ESCOLAR

"UN CAMIÑO, MIL LENDAS"

A De que vai isto?

- Cada colexio presentará a concurso tantos traballos como desexe.
- Cada traballo que se envíe deberá ir asinado co nome do centro escolar, ademais do nome e da idade do alumno ou alumna que o realice.
- O xurado valorará a creatividade dos traballos presentados. Así mesmo, asegúrase a igualdade e a obxectividade para todos os centros.

B Quen pode participar?

Podes participar se tes entre 6 e 12 anos. Debes estar escolarizado/a en Galicia.

C Ata cando?

Podes entregar os teus traballos ata un mes antes do Día das Letras Galegas, isto é, antes do 17 de abril.

D Como presentalo?

Os colexios presentarán os traballos en formato dixital. É moi sinxelo! Abonda con envialos por correo electrónico a cencamiños@oteuxornal.gal.

E Cal debe ser o tema?

- A temática será o Camiño de Santiago.
- Este ano, propoñemos a escritura dunha lenda: podes reescribir unha que che contasen, cambiar algún dos seus elementos ou tomar prestadas personaxes ou criaturas de lendas doutras culturas, próximas ou afastadas. Bótalle imaxinación!
- Podes participar con tantos textos como desexes, sempre que sexan inéditos e non fosen presentados antes a un concurso.
- A extensión máxima será de 5 folios en tamaño DIN A4.
- Os traballos avaliaranse segundo a idade e o nivel das persoas participantes, de modo que haberá unha lenda gañadora por cada curso, desde 1.º de EP a 6.º de EP.

F Cales son os premios?

- Os textos gañadores serán publicados nun suplemento especial, que varios xornais galegos editarán despois da entrega de premios.
- O premio consistirá nunha excursión a Santiago de Compostela para toda a clase da persoa gañadora. Ademais, todo o alumnado participante recibirá un sombreiro de aba ancha con cuncha de vieira incluída, coma o que empregaban os antigos camiñantes!

Fonte: Canva

P.7. Algunhas preguntas, coma "Quen pode participar?" ou "Ata cando?", están destacadas con letra de maior tamaño, por que?

a) Para sinalar que esas palabras pertencen a outra persoa.
b) Para recordar que son frases feitas.
c) Para marcar diferentes partes do texto e ordenar a información.
d) Para destacar fragmentos humorísticos ou divertidos.

P.8. Cal é a idea principal do texto?

a) Información necesaria para presentarse a un certame literario.
b) Recompilación de debuxos sobre o Camiño de Santiago.
c) Revisión de historias fantásticas do Camiño de Santiago.
d) Elección da persoa gañadora do concurso das Letras Galegas.

P.9. Por que é importante asegurar "a igualdade e a obxectividade" no concurso?

a) Porque queren que os traballos presentados sexan moi parecidos.
b) Porque todo o alumnado debe ter as mesmas oportunidades de gañar.
c) Porque o alumnado é moi diferente e así o xurado comprométese a diferencialo.
d) Non é importante "a igualdade e obxectividade".

P.10. Enumera do 1 ao 4 estas informacións segundo a orde en que aparecen no cartel:

Número, do 1 ao 4	Información do certame
	Modo de presentación e envío dos traballos.
	O premio que recibirá todo o alumnado participante.
	Nome do certame escolar.
	Idade do alumnado participante.

P.11. No texto di que podes reescribir unha lenda que xa exista ou inventar unha, mesmo podes introducir seres míticos. Gústache esta última idea e queres revisar algún libro para te inspirar, en cal atoparías información de máis axuda?

a) Na *Guía das aves de Galicia* (Baía Edicións).
b) En libros como *Animais míticos do Camiño de Santiago* (Aira Editorial) ou o *Dicionario dos seres míticos galegos* (Xerais).
c) En *Dende o Himalaia a Ceilán: lendas hindús contadas por Darío Xohán Cabana* (Galaxia).
d) En *Onde viven os monstros* (Kalandraka).

O cabaleiro das cunchas

Todo o que nos rodea agocha historias, só hai que afinar a orella! Na hora de ler, Xiana levantou a man e contounos esta historia:

A historia aconteceu na antiga vila costeira de Bouzas, que hoxe fai parte de Vigo. Imaxinade un lugar con corazón mariñeiro, marcado polos oficios do mar. Un dos grandes atractivos de Bouzas foi sempre a súa praia e foi precisamente alí onde unha parella de namorados celebrou a súa voda. Pero non foi unha voda calquera. O noivo e a noiva pertencían a familias moi ricas e montaron unha festa por todo o alto: comida a esgalla, música e xogos... moitos xogos!

Avanzada a celebración, os noivos propuxeron xogar a "bafordar", que consistía en que os varóns presentes na voda, montados a cabalo e mentres galopaban, intentasen coller coa man a mesma lanza que botaran ao aire antes de que caese ao chan. Cando lle tocou a quenda ao noivo, guindou a lanza ben alto, coa mala sorte de que —fiúuuuuu!— a brisa marítima se converteu nun forte refacho de vento, que desviou o camiño do proxectil cara o mar. O noivo non quería amosar ningunha traza de covardía ante todos os presentes e, nun xesto tan valente como insensato, adentrouse sen dubidalo no mar revolto para recuperar a lanza, e xinete e corcel afogaron no medio da ondada.

Desde a praia, todo o mundo observaba a escena con espanto cando, de súpeto, unha barca pasou preto de onde o cabaleiro afogara. Era a mesmísima barca de pedra na que transportaban o corpo do Apóstolo Santiago cara ao norte para darlle sepultura. Nese intre, tanto o noivo como o cabalo emerxeron das augas vivos, adornados por algas e lapas, e o máis espectacular: recubertos cun manto de cunchas de vieira que os protexía a modo de armadura. Así, o que de seguro ía ser unha traxedia converteuse nun milagre, que moitos ligaron á axuda de Santiago.

E desde entón, todas as persoas que peregrinan ata Santiago levan canda elas unha cuncha de vieira, mesmo se non saben nada desta historia insólita que agora nós coñecemos.

Leandro Carré Alvarellos, *As lendas tradizonaes galegas* e Arume Labs, *Lendas de vagar: O Camiño de Santiago* (Adaptación)

P.12. Se te fixas na forma e no contido, que tipo de texto é?

a) Unha noticia dun periódico de Bouzas.
b) Un poema sobre o mar de Vigo.
c) Unha lenda relacionada con Santiago.
d) Un fragmento dunha obra de teatro.

P.13. Que relación había entre as persoas que propuxeron o xogo?

a) Eran pai e filla.
b) Eran curmáns da noiva.
c) Eran todos os irmáns do noivo.
d) Eran marido e muller, acababan de casar.

P.14. Na lectura nárranse uns feitos que poderían suceder na realidade (reais) e outros que é imposible que sucedan (fantásticos). Clasifícaos marcando cunha aspa (X) no recadro correspondente:

	Reais	Fantásticos
a) A parella celebrou a súa voda na praia de Bouzas.		
b) Unha barca de pedra trasladaba o corpo do Apóstolo Santiago.		
c) Os homes que asistiron á voda xogaron a "bafordar".		
d) O noivo e o seu cabalo saíron das augas cun manto de cunchas como armadura.		

P.15. Relaciona as palabras e expresións sinaladas da columna da esquerda coas súas equivalentes na columna da dereita:

a) montaron unha festa **por todo o alto**	•	•	1. en abundancia, a embute
b) había comida **a esgalla**	•	•	2. ao grande, con moito luxo
c) esta historia **insólita** que agora nós coñecemos	•	•	3. lanzou, tirou
d) **guindou** a lanza ben alto	•	•	4. sorprendente, peculiar

P.16. Cal é a finalidade deste texto?

a) Entreter e ofrecer unha explicación fantástica da orixe da cuncha da vieira como símbolo de quen peregrina.
b) Ensinar e ofrecer información fiable sobre as antigas celebracións de voda.
c) Informar dos perigos dalgúns xogos, coma os que inclúen lanzas e cunchas de vieira.
d) Explicar un dos milagres de Santiago, que conseguiu transportar un home e o seu cabalo.

Cámbiache o conto!

P.17. "O cabaleiro das cunchas" describe un antigo xogo que consistía en que os participantes, montados a cabalo, recollesen unha lanza que tiraran ao botarse a galopar. Como sabes, o noivo e o seu cabalo arriscaron moito... chegaron a meterse no mar para intentar collela!

Cámbialle o final a esta lenda, a partir da liña indicada:

Non esquezas contar:

- *Que lles sucedeu ao cabaleiro e ao cabalo?*
- *Participou no desenlace algún ser (humano ou non)?*
- *Como reaccionou o resto?*

Escribe o teu final en **7-8 liñas**.

Coida a túa **ortografía e presentación**.

Adentrouse sen dubidalo no mar revolto

para recuperar a lanza, e...



Fonte: Canva. Recurso frecha: Flaticon.com

Un día calquera no Camiño

P.18. Está decidido! No próximo curso, a túa clase vai facer unha das etapas do Camiño.

Escribe como sería un día na túa vida como peregrino ou peregrina.

Debes incluír a seguinte información:

- *A que hora te levantaches?*
- *Con quen ías camiñando? Que comiches? Onde durmiches?*
- *Que lugares viches nesa xornada? Cales foron as túas sensacións na viaxe?*

Describe ese día en **6 liñas**.

Coida a túa **ortografía e presentación**.

UN DÍA NO CAMIÑO...

LUGAR E DATA: .....

BENQUERIDO DIARIO,

.....

.....

.....

.....

.....

.....

Fonte: Canva

Moitas grazas polo teu esforzo!